



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE 2013, CON CARÁCTER
ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente acctal: D. MANUEL COSTA CARNEIRO

Tenentes de Alcalde: D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE

D. ROGELIO LEMA MOUGÁN

D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Escusa asistencia D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e seis de setembro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente accidental don Manuel Costa Carneiro, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dez de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 201300000000712 de don Tirso Sinde Gil.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a construción dun cerramento, de aproximadamente 100 m de lonxitude, con postes e maia de arame, no lugar de Ribeira, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de agrícola (R-2).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- A distancia mínima para o cerre será de 6,00 m de distancia dende o eixo do vial municipal por ser un vial nivel IV en solo rústico. Garantirase o natural discorrer das augas, e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia.

Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso, e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.2.- Instancia núm. 201300000001029 de don Braulio M. Iglesias Mejuto.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerre de parcela con pedra de granito dunha lonxitude aproximada de 33 m lineais, no lugar de Famelga nº 9, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de agrícola (R-2).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será de un ano a contar dende a data de concesión.

2º.- A distancia mínima para o cerre será de 6,00 m de distancia dende o eixo do vial municipal por ser un vial en solo rústico. Garantirase o natural discorrer das augas, e en caso de existir unha servidume de augas, deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia.

Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a pedra será do país e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.3.- Instancia núm. 201300000001094 de don Antonio Souto Carlín.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a construción dun muro de cerre entre parcelas formado por base inferior de bloques e malla de arame plastificado, dunha lonxitude aproximada de 150 m, en A Pedreira –San Miguel de Sarandón, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (R-2).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- A distancia mínima para o cerre será de 6,00 m de distancia dende o eixe da vía. Garantirase o natural discorrer das augas, e en caso de existir unha servidume de augas, deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento trinta e catro euros con oitenta e dous céntimos (#134,82#)

2.4.- Instancia núm. 201300000001186 de dona Adela Vázquez Cutrín.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción dun cerramento, de aproximadamente 47 m na fronte con base de bloques, postes e reixa, e con portal de acceso; e 80 m no interior da parcela con base de bloques, postes e arame, e colocar tubos na gábea para rampla de acceso de aproximadamente 2,5 m no lugar de A Ferreira en solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- A distancia mínima para o cerre será de 6,00 m de distancia dende o eixe da vía.. Garantírase o natural discorrer das augas, e en caso de existir unha servidume de augas, deberá obter, previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia.

Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. A altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m pola fronte e un fondo máximo de 34 m de parcela, e de 1,00 m no resto. A sección do tubo será suficiente para permitir o paso das augas e a rampla quedará ao mesmo nivel có vial.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento catorce euros con quince céntimos (#114,15#)

2.5.- Instancia núm. 201300000001193 de don Manuel Pedreira Castro.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 90 m² en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, situado en Cimadevila, en solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- - Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica, e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de



seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e seis euros con dezasete céntimos (#96,17#)

2.6.-Instancia núm. 201300000001173 de don José Lortes Miranda.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a substitución da tella existente na vivenda por tella nova cunha superficie aproximada de 90 m², no lugar de Texo nº 5, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e sete euros con corenta e seis céntimos (#67,46#).

2.7.-Instancia núm. 201300000001195 de don Manuel Jesús Carpinteiro Quintás.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a colocación de tubos na gábea, aproximadamente 4 m de longo, para a entrada a finca situada en Cimadevila.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- . Levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permiti-lo paso de todas as augas. Non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará ao mesmo nivel có vial de maneira que non sobresaía.

3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#) .

2.8.- Instancia núm. 201300000001200 de don Luís Cabo Boo.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a construción dun cerre de aproximadamente 25 m de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Vilar, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- A distancia mínima para o cerre será de 5,00 m de distancia dende o eixe da vía. Garantirase o natural discorrer das augas, e en caso de existir unha servidume de augas, deberá obter, previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais, a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.9.-Instancia núm. 201300000001217 de don Manuel Canicoba Forte.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación de edificación de aproximadamente 50 m² en planta, consistente en cambiar a cuberta colocando uralita e tella, situada en Neira de Arriba, en solo de núcleo rural (N-2).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente; debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e tres euros con corenta e tres céntimos (#53,43#).

2.10.- Instancia núm. 201300000001232 de don Alfonso López Martínez.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 100 m² en planta, consistente en cambiar a cuberta colocando uralita e tella existente, situada en Rosende nº 3, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento seis euros con oitenta e seis céntimos (#106,86#).

2.11.-Instancia núm. 201300000001239 de don Alfredo Iglesias Lago.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a canalización para conexión co saneamento, aproximadamente 17 m de lonxitude, pola finca e conexión con arqueta, no lugar de Matelo nº 16.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión e unha vez rematadas deberá pórse en contacto coa empresa adxudicataria do servizo, Aquagest, S.A para a súa comprobación.

2º.- Para a execución da acometida construírase unha arqueta de rexistro pegada á liña de peche e situada na vía pública. O conduto irá transversal á rúa dende a arqueta ata o sumidoiro, ou preferiblemente ao pozo de rexistro. Tanto a arqueta coma o conduto terán sección suficiente para permitir o seu correcto funcionamento. Á acometida deberán engancharse só as augas residuais. O efluente deberá reunir as condicións físico-químicas que se especifican no Regulamento de vertidos municipal. A arqueta deberá ser dun deseño e forma que permita a toma de mostras do efluente e deberase proceder á reposición do pavimento, deixándoo nas mesmas condicións nas que se atopaba.



3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.12. -Instancia núm. 201300000001251 de don Manuel Antonio Moure Pereiro.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción de cerramento, de aproximadamente 68 m de lonxitude, con base de formigón ou pedra, postes e arame, no lugar de Tomonde, en Solo de Núcleo Rural (N-1) e o resto como Solo Rústico de Agrícola (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- A distancia mínima para o cerre será de 6,00 m de distancia dende o eixo do vial municipal. Garantirase o natural discurrir das augas, e en caso de existir unha servidume de augas, deberá obter, previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia.

Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m do peche situado en núcleo e 1,00 m no solo rústico.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento cinco euros con oitenta e cinco céntimos (#105,85#)

2.13.- Instancia núm. 201300000001259 de don Oscar García Piñeiro.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de San Pedro, parroquia de San Pedro de Sarandón, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2), cunha ocupación máxima inferior ao 40% da parcela neta; núm. Plantas B+1: Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m e un coeficiente máximo de edificabilidade de 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don César García Piñeiro cun orzamento de 162.325,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión de licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado. En cumprimento do artigo 29 da Lei 9/2002 deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira



que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. A fosa séptica instalárase gardando as distancias marcadas polo planeamento para aliñacións e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro. Polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde. Ademais deberá colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de tres mil douscentos corenta e seis euros con cincuenta céntimos (#3.246,50#).

2.14.--Instancia núm. 201300000001025 de don José Manuel Rendo Caneda.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, expón que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 20/07/2010 concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Reboredo (Expediente 2010/008/000009), e solicita a concesión dunha prórroga para o remate da obras obxecto do expediente.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga de tres anos para o remate da actuacións obxecto do expediente.

3º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de agosto

Nº Decreto	Data	Asunto
290	01/08/2013	Trienios de José A. Gómez Souto e José Manuel Uzal
291	01/08/2013	Alta padrón de M ^a . Benita Furelos García
292	01/08/2013	Clasificación ofertas presentadas obra acondicionamento de camiños en Marzán de Abaixo, Fornelos e Ximonde (POS 2013)
293	02/08/2013	Delegando funcións en M ^a . Jesús Piñeiro Caldelas con motivo vacacións anuais
294	02/08/2013	Alta padrón municipal de M ^a . Cruz García López
295	02/08/2013	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Adrián Parada
296	02/08/2013	Delegando celebración matrimonios civís en Rogelio Lema e Margarita Devesa
297	02/08/2013	Clasificación ofertas contrato xestión instalacións e actividades do pavillón municipal de Vedra
298	05/08/2013	Licenza administrativa posesión can
299	06/08/2013	Limpeza de finca en San Pedro invadida de maleza propiedade de Carlos Boo Cardama



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



300	07/08/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Celestino Mata Torres
301	08/08/2013	Adxudicación obra de <i>Ampliación da rede de saneamento en Paradela e Laraño do POS 2013</i>
302	08/08/2013	Baixa gardería de Daniela Iglesias Canicoba
303	09/08/2013	Autorización disparo fogos artificios nas festas do Santiaguíño
304	12/08/2013	Adxudicando obras de <i>Acondicionamento de camiños en Marzán de Abaixo, Piñeiro, Fornelos e Ximonde do POS 2013</i>
305	12/08/2013	Permiso celebración festas do Patio 2013
306	12/08/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Carmen Cajaraville Bello
307	13/08/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Manuel J. Gestoso Maceira
308	14/08/2013	Permiso celebración festas do Santiaguíño
309	14/08/2013	Autorización corte pistas municipais con motivo das festas do Santiaguíño
310	16/08/2013	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Ramiro López Fernández
311	16/08/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Lizberth Rosalia Salazar Torres
312	19/08/2013	Alta SAF de Dolores Laura Carrillo Souto
313	19/08/2013	Alta SAF de M ^a . Rosario Pazos Peiteado
314	19/08/2013	Autorización corte pistas con motivo das festas do Patio
315	20/08/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Jesús Rey Castro e filla
316	21/08/2013	Concedendo audiencia expediente tramitación limpeza fincas SAU-1
317	21/08/2013	Designando coordinador seguridade e saúde obras do POS 2013
318	21/08/2013	Alta SAF de Sara Neira Parada
319	21/08/2013	Alta SAF de M ^a Lourdes García Campos
320	22/08/2013	Clasificación ofertas presentadas contrato SAF por procedemento negociado
321	23/08/2013	Alta padrón municipal de habitantes de José Manuel López Fernández
322	23/08/2013	Adhesión convenio para pagos centros de saúde
323	26/08/2013	Autorización disparo fogos de artificios con motivo das festas das Dores en Vedra
324	27/08/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Margarita Primo Paradelo
325	28/08/2013	Alta SAF de Jesusa Gómez Martínez
326	28/08/2013	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Jesús Álvarez Freire
327	28/08/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Teresa Puente e Emilio Bernárdez



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



328	29/08/2013	Modificación horario gardería de Raúl Vigo Estevez
329	29/08/2013	Modificación horario SAF de Palmira Penide Mato
330	29/08/2013	Modificación do servizo SAF de Rosario Pazos Peiteado
331	29/08/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Jorge Luís González Gestoso
332	30/08/2013	Modificación servizo SAF de Lourdes González Tato
333	30/08/2013	Modificación regulamento escola infantil
334	30/08/2013	Modificación horario gardería de Micaela Docampo

A Xunta de Goberno dáse por informada.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta minutos.